

# MISIÓN TECNOLÓGICA HANNOVER MESSE 2023

17-21 ABRIL 2023

O [Clúster Alimentario de Galicia \(Clusaga\)](#) está a organizar unha misión á [Feira Tecnolóxica Hannover Messe](#), entre os días 17 e 21 de abril de 2023.

Hannover Messe é a principal feira tecnolóxica no conxunto dos sectores industriais a nivel mundial.

Na Hannover Messe, os visitantes das industrias poderán ver os exemplos máis vangardistas de como transformar as plantas de produción en fábricas do futuro. As temáticas principais desta edición inclúen, entre outras, **intelixencia artificial e machine learning, produción neutra en carbono, enerxía 4.0, loxística, robótica, automatización e sensórica.**

Ademais, a feira conta con multitude de eventos paralelos como foros, conferencias, eventos especiais ou *matchmaking*.

#### Algunhas cifras de Hannover Messe:

- Máis de 66.400 asistentes presenciais
- Máis de 2.500 expositores
- Máis de 8.000 produtos e solucións

A finalidade da misión é coñecer de primeira man as tecnoloxías da Industria 4.0 aplicables á industria de alimentación e bebidas, establecer relacións e contactos con diversos axentes e coñecer as últimas tendencias e innovacións tecnolóxicas.

Para fomentar a participación nesta misión, Clusaga pon a disposición dos participantes o mecanismo de apoio económico **ClusterXchange**, dispoñible a través do proxecto europeo [AgriFoodX5.0](#).

O apoio de Clusaga inclúe a axuda económica aos custos de viaxe e aloxamento, á organización da loxística e tamén a organización de actividades conxuntas para as entidades participantes.



## Apoio e participación

**Apoio na organización conxunta da loxística de viaxe e aloxamento, coa axuda do programa Clusterxchange**, a través dun cheque de 830€ para gastos de viaxe e aloxamento para estadias de ata 5 días, e de 415€ para estadias de menos de 5 días, sendo o mínimo 3 días. Ademais poderase completar unha axenda con actividades adicionais para a participación en *brokerage events* e *tours* guiados.

Data límite de inscrición: **9 de marzo de 2023.**

Máis información: [industria@clusaga.org](mailto:industria@clusaga.org) / 881 023 853

**Formulario de inscrición**